



# FESTA CORSARIA / MARÍN 2017

## ***Normas Xantares e Ceas para particulares***

As persoas interesadas en xantar ou cear de forma particular nas rúas de Marín os días da festa corsaria, terán que cumprimentar a solicitude e cumprir as seguintes normas:

\* Entregar por rexistro a solicitude cuberta antes do día 11 de Agosto de 2017, ás 14:00h, acompañado da seguinte documentación:

- ❖ Copia do DNI da persoa representante.
- ❖ Croquis, fotografías, ... que amosen as dimensións do espazo solicitado, o seu emprazamento e a estética que se lle quere dar para a festa corsaria – materiais a utilizar, vestimenta, etc.

\* Aceptar os seguintes requisitos:

- ❖ As mesas autorizadas deberán ter nun lugar visible o número de identificación facilitado polo concello.
- ❖ O responsable da solicitude deberá adaptarse ao espazo asignado.
- ❖ Todas as persoas da mesa vestirán traxes adecuados á época histórica da festa.
- ❖ A música e a animación deberán ter unha temática corsaria.
- ❖ As mesas deberán estar decoradas con materiais da época.
- ❖ Usarase depósitos para lixo acordes coa ambientación da festa (sacos, cestos...)

## ***Lumes e grellas***

\* As mesas que necesiten facer lume, deberán facelo constar na solicitude de participación.

\* O lume farase no espazo que asigne o CONCELLO en cada caso.

\* Está prohibido facer lume baixo toldos, instalacións eléctricas ou calquera elemento susceptible de arder.

\* O espazo no que se faga o lume, ten que ter as medidas suficientes para impedir calquera acceso a este, de toda persoa allea ao cociñado.

\* O lume ten que estar correctamente illado en tres das catro caras do mesmo, de xeito que a parte exterior impida queimaduras a terceiras persoas.

\* As mesas terán no espazo delimitado para o lume un extintor 6 Kg eficacia 21 A-113B ou dous de 3 KG.

\* A zona arredor do lume deberá de estar protexido con area ou calquera outro material que o protexa de cinzas, graxas, aceites,.....co fin de protexer o chan e que permaneza limpo.





# FESTA CORSARIA / MARÍN 2017

---

\* Os responsables de cada solicitude deberán encargarse de manter a zoa utilizada en perfecto estado de uso e limpeza, tanto durante as mesmas, coma unha vez recollidas as instalacións.

\* En todo caso, o luns día 20 de agosto, ás 07:00h, o espazo asignado deberá estar despexado de todo o material utilizado na festa, e limpo e baldeado, deixando nas mesmas condicións que antes dos eventos.



CONCELLO  
DE MARIN

